



## CONCELLO DE CHANTADA

---

Expte. G8/2018

Autor: María Álvarez Alvar

### INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co requerido e en cumprimento do establecido nos artigos 54 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; e do artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito ou seguinte

### INFORME

#### ANTECEDENTES:

- Expediente g8/2018.
- Expediente g1350/2016

#### PRIMEIRO. A lexislación aplicable vén establecida por:

- Real Decreto Legislativo 2/2004 , de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 500/1990 , de 20 de abril , polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988 , de 28 de decembro , reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei 7/1985 , de 2 de abril , Reguladora das Bases de Réxime Local ( LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986 , de 28 de decembro , polo que se aproba o Regulamento de Organización , Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais( ROF ).
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.
- Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX).

1

#### SEGUNDO. Lexitimación

O artigo 170 do TRLRFL dispón en canto á lexitimación activa e as súas causas que 1. Para os efectos do disposto no apartado 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:

- Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
  - Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
  - Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.
2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:
- Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
  - Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
  - Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

#### TERCEIRO.

---

### CONCELLO DE CHANTADA



## CONCELLO DE CHANTADA

---

De acordo co requerimento ó Concello de Chantada polo TSX de Galicia CON/AD Sec. 2 002-A Coruña en relación ó procedemento ordinario 4917/2003 de responsabilidade patrimonial instando por Dona Eva Aurora Sampayo Vázquez na que se insta ó Concello para o cumprimento da sentenza no seus propios términos con carácter definitivo, o que significa que deberá adoptar todas as medidas necesarias ós efectos de executar as obras que resulten pertinentes e adecuadas para definitivamente evitar os sucesos dañosos ocorridos.

A empresa Viaqua presentou con data de rexistro de entrada 19 de xullo de 2017, Memoria valorada de mellora na rede de saneamento de Chantada-Canalización de pluviais hacia o río Asma, para a execución das obras necesarias recaída en execución definitiva 0004043/2016 do Procedemento Ordinario 0004917/2003 do T.S.X.de Galicia, cun orzamento de execución material de 143.602,46 € e orzamento de execución por contrata das devanditas obras por importe de 206.773,19 €.

Consta informe do arquitecto do servizo de urbanismo de data 20/7/2017 no que menciona que para a realización das obras é necesaria a obtención do informe previo e vinculante da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e dos informes condicionados da Consellería de Infraestrutura e Vivenda da Xunta de Galicia, organismo titular da estrada LU-213 e Excma. Diputación Provincial de Lugo, titular da estrada LU-P-1807. Engadía ademais que "Unha vez obtidos os referidos informes deberase proceder á redacción do proxecto de execución co correspondente plan de seguridade e saúde" (Informe 26/6/2018).

O artigo 162 do TRLRHL configura os orzamentos xerais das entidades locais como "a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecerla entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente".

Supoñen, en consecuencia, o instrumento para o exercicio da facultade de ordenación dos recursos propios co fin de poder dispoñer deles en exercicio das súas competencias.

Os créditos autorizados, como recolle o artigo 172.2 teñen un "carácter limitativo e vinculante" de forma que, conforme ao artigo 173.1 "as obrigacións de pago só serán esixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme".

É, pois, obrigación do Orzamento que nos estados de gastos se incluan, "coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigacións" (art 165.1 a), contemplándose, como un dos motivos de reclamación aos orzamentos, o "omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera título lexítimo" (art 170.2 b). Neste caso a obriga de incluír os créditos necesarios deriva dunha sentenza xudicial firme.

O artigo 105 da LXCA dispón o posibilidade de que por parte da Admnsitración se poña de manifesto á autoridade xudicial a concorrencia de causas de imposibilidade material ou legal de executar unha sentenza.

O art. 173.4 do RDLeg 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que a Autoridade administrativa encargada da execución acordará o pago na forma e cos límites do respectivo orzamento. Se para o pago fora necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse do Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial.

En parecidos termos pronúnciase o art. 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

---

## CONCELLO DE CHANTADA



## CONCELLO DE CHANTADA

---

Xurisdición Contencioso-administrativa -LJCA-, de tal maneira que cando a Administración fora condenada ao pago de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pago con cargo ao crédito correspondente do seu orzamento. Se para o pago fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial. Con todo, transcorridos tres meses desde que a sentenza firme sexa comunicada ao órgano que deba cumprila, poderase instar a execución forzosa. Todo elo ademais do disposto no artigo 17.2 da LOPX no tocante as obrigas de dar cumprimento ás sentencias e demais resolución xudiciais.

Ao tratarse dunha obra será preciso que o expediente de contratación se axuste ó disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, procedendo este Concello a inicialo unha vez obtidos os informes sectoriais ós que se fai referencia, unha vez exista a plena dispoñibilidade dos terreos (art. 263 LCSP).

Consta no expediente de referencia que con data 24/7/2017 remitiuse memoria valorada así como informe do arquitecto municipal á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para obter a preceptiva autorización previa por parte dese organismo de conca.

Con data 27/7/2017 remitiuse a Memoria Valorada á que se fai referencia, e informe do arquitecto municipal á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para obtención da preceptiva autorización previa pola vía afectada.

Con data 27/7/2017 remitiuse a Memoria Valorada a que se fai referencia, e informe do arquitecto municipal á Deputación Provincial de Lugo para a obtención da preceptiva autorización previa por parte desa entidade provincial.

Con data do 13 de setembro de 2017 recíbense no concello de Chantada da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil as comunicacións seguintes:

-RE4045 do 13/09/2017 no que se interesa a remisión no prazo de dez días, por duplicado, da documentación técnica seguinte: "Perfil transversal, a escala suficiente, en el que se refleje el entronque de la canalización de las aguas pluviales en el Río Asma". Con data do 19 de outubro de 2017 RS 1264 remítese a documentación interesada en formato CD con atento oficio".

-RE4046 do 13/09/2017 no que se comunica a este Concello o período máximo de 6 meses para a notificación da correspondente resolución contado a partir do día seguinte á súa entrada no Organismo sen prexuízo da suspensións de prazo ao abeiro do artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Asimesmo comunicase que a solicitude non poderá ser considerada estimada por silencio administrativo, por estar comprendida dentro das excepcións prevenidas no artigo 24 do texto legal citado.

Consta Autorización da Deputación Provincial de Lugo, RE4564 do 17/10/17 para as obras de referencia cunha serie de condicionantes.

Non consta autorización da Consellería de Ordenación do Territorio que foi solicitada mediante oficio de data 27/07/2017 RS 939, xa citado.

En data 2/05/2018 se comunica por parte do Concello de Chantada ó TSX Galicia as actuacións levadas acabo en orde a executar a Sentencia expoñendo a non obtención de tódolos informes sectoriais precisos para poder dar comezo ó expediente de contratación.

O 28/06/2018 recíbese do TSXG a través dos Servizos xurídicos da Deputación de Lugo, Dilixencia de ordenación no que acusan recibo do anterior oficio, incorporándoo ós autos do procedemento de execución dando traslado ás partes.



## CONCELLO DE CHANTADA

---

Este é o meu informe sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito. Non obstante, a Corporación acordará o que estime procedente.

Chantada, data da sinatura electrónica

A Secretaria Xeral,

Asdo. Dixitalmente: María Álvarez Alvar